


Banda Deseñada

Novidades, Verán 2006

Biblioteca Pública da Coruña *“Miguel González Garcés”*

Expómos unha relación das novidades en banda deseñada (comics) que se recibiron na biblioteca durante os meses de xuño e xullo. Case todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca; as revistas localízanse na Hemeroteca. Inclúense as súas signaturas para facilitar a localización.




“Barsowia nº 7” de Colectivo Polaqia

Barsowia é un fanzine que se ven publicando desde o ano 2003, editado polo colectivo Polaqia. Nos seus sete números ten publicado obras de moitos dos autores da banda deseñada galega, desde Manel Craneo a David Rubín, e tamén importantes autores estranxeiros. O mes pasado esta publicación recibiu un merecido premio no “Saló Internacional del Comic” de


Barcelona, o de mellor fanzine, por votación do público. Paga a pena aproveitar uns momentos coa lectura dalgún dos seus números. **Atópanse na Hemeroteca.**

“El archivo corso” de Petillon

Aproveitando a boa acollida de “El caso del velo” publicase unha obra anterior sobre a situación na illa de Córsega e os seus movementos independentistas. A historia está tratada segundo todas as aventuras do detective Palmer, cun humor cheo de sarcasmo, onde os acontecementos sempre o superan. Esta obra deu lugar a unha película interpretada pola parella Jean Reno e Christian Clavier.
Signatura: COM PET arc



“El emperador Oceano, 3. La tumba” de Baranko




Con este volume remata unha triloxía, que nos introduce nun imperio Mongol nunha Rusia fantástica, onde as ambicións polo poder dun escritor de Ciencia ficción contrastan coa nula ambición da personaxe protagonista, que leva a que exista unha esperanza final. Os escenarios, polos que circulan os clons de personaxes históricas, reflexan paisaxes suxas e decadentes.
Signatura: COM BAR emp 3



“El gato del rabino. 4. El paraíso terrenal” de Joann Sfar

O gato e o rabino regresan a Alxeria. O gato deixa ao seu amo e acompañará ao Malka co seu león polo país mentres este conta a súa historia chea de fantasía, porén a realidade da decadencia destas personaxes acaban alcanzandoos. Sfar utiliza a técnica da narración dentro da narración, nunha historia chea de saudade e poesía. Para ler demoradamente neste verán.


Signatura: COM SFA gat 4



“Eddy Current 2” de Ted McKeever

Recollense aquí catro horas máis da fuga de Eddy Current, en catro novos episodios. Eddy intenta, armado do seu bragueiro electrificado, de recuperar á súa primeira moza, ademais de converterse nun idolo do rock. Segue a historia cuns deseños expresionistas e repleta de personaxes estafalarias. Obra de culto da bada deseñada dos anos 80 do século pasado.


Signatura: COM MCK edd 2



“Zits 6. ¡Pillados!”, de Jerry Scott e Jim Borgman

A colaboración dos dous autores innovou no tema do humor do cotián con esta serie, que acadou durante dous anos seguidos o premio á Mellor Tira Humorística da “National Cartoonist Society” e gañou a medalla “Max & Moritz” á mellor tira cómica internacional do ano 2001. Esta serie segue ofrecendo a visión humorística do mundo adolescente de Jeremy e dos seus amigos.


Signatura: COM SCO zit 6



“Opium” de Daniel Torres

Este volume recopila o album e a serie de comic books, aparecida posteriormente, sobre esta personaxe, con deseños en branco e negro. Opium é un criminal que pretende o dominio completo dun mundo formado con arquitecturas mistura de estilo “art decó” con elementos futuristas moi características de Torres. Argumento folletinesco. Desde a páxina 61 ecolle o que foi a serie en comic book, a autoría do deseño é de Incha e Ramón Marcos.

Signatura: COM TOR opi.



“John Law” de Gary Chaloner e Will Eisner

Intento de Gary Chaloner de rescatar a personaxe de John Law, creada por Will Eisner a finais dos anos 40, as páxinas de Chaloner non resultan moi interesantes, nen polo guión nen polo debuxo, porén as tres historia debuxadas por Will Eisner, aínda que xa foran aproveitadas como historias de Spirit, polo que non lles resultarán extrañas aos seus seguidores, teñen moitísima máis calidade e rentabilizan a lectura deste libro.

Signatura: COM CHA wil

“Marketing & utopia made in USA” de Fernando de Felipe

O sarcasmo con que mostra De Felipe a sociedade de consumo no futuro é terrorífica, pola autenticidade dos seus agoiros, no que as empresas controlan todos os nosos desexos e movementos e nos ofertan produtos sen nengunha ética. Os deseños de De Felipe son moi característicos, con moitos detalles, e as viñetas son tratadas como se foran fotografías comerciais ou planos cinematográficos, non en van este autor é profesor de historia do cinema.

Signatura: COM FEL mar



“El Uno : la última palabra en superheroes” de Rick Veitch

Historia publicada nos anos 80, en branco e negro, onde un superheroe creado nunha situación de guerra nuclear entre os Estados Unidos e a URSS aparece na escena, pero con moitos dos defectos dos creadores, a ambición, corrupción, e violencia. Crítica mordaz e descarnada á sociedade e os poderes do mundo no momento da súa publicación.


Signatura: COM VEI uno



“Universal War One, 3. Cain y Abel” de Denis Bajram

O destacamento Purgatory forza a entrada ao muro extraño que apareceu no espazo, perdendo a Balti, e logran destruílo desaparecendo con el: Porén, un bucle no tempo fará que revivan de novo eses feitos e se plantexen a posibilidade de salvar a Balti ou de non cambiar nada para evitar un paradoxo temporal que sexa fatal para todo o universo. Moi boa historia de Ciencia ficción, sen perder o toque racional.


Signatura: COM BAJ uni 3



“Caravanas” de Mark Kneece e Julie Collins-Rousseau

Esta historia, chea de humor, bota unha ollada sobre as familias americanas que non conseguiron acadar o soño americano, e viven nun campamento de caravanas, influidas pola culpa e o crime. Unha nai, traficante de droga e prostituta, comete un crime e encarrega ao seu fillo desfacerse do cadaver; pero como nunha película de Hitchcock o morto non desaparece e a angustia afoga a Josh Clayton. Deseño en branco e negro, bastante sinxelo, máis detallado nos rostros.


Signatura: COM KNE car.



“El mundo de Edena, 1. Sobre la estrella” de Moebius

Primeiro volume dunha das obras importantes de Moebius. Encarrego da empresa Citroen que xerou unha serie de fantasía e Ciencia ficción que ten puntos en común con outras obras de Moebius, como a saga do “Incal”. Aparecen as personaxes Stel e Atan que volverán noutros volumes desta serie. Nesta obra despois de non recibir contestación á petición de aterrar nun planeta deciden investigar o motivo da desaparición da súa poboación.


Signatura: COM MOE sob



“Jenny Finn” de Mike Mignola, Troy Nixey e Farel Darlymple

Guión de Mignola e deseños de Nixey e Darlymple en branco e negro desenvolven unha narración que lembra a historia de Jack o destripador, nun Londres escuro e descomposto, con reminiscencias da temática de Lovecraft nos seres acuáticos e corrompidos que inundan a cidade.

Signatura: COM MIG jen



“Yo soy legión,

2. Vlad” de Fabien Nury e John Cassaday


Segundo volume da historia de guerra e espionaxe centrada na Segunda Guerra Mundial, co proxecto dos nazis de conseguir, por medio dunha nena rumana con poderes paranormales, crear unha forza militar invencible. O debuxante, Cassaday é o gañador do premio Eisner ao mellor debuxo os anos 2004 e 2005, cun deseño realista e moi cinematográfico.

Signatura: COM NUR yos 2

“La danza de la conquista, 1. El imperio” de Raúl Treviño

No período da conquista de América, unha cidade ficticia padece os efectos da sequía, a violencia e o racismo contra unha raza de homes-can, mentras esperan o retorno dos deuses como solución aos seus problemas. É unha historia ecléctica con temática histórica trufada de mitoloxía e Ciencia ficción. O autor foi o gañador do primeiro Concurso Internacional Norma Comics.

Signatura: COM TRE dan 1



“Sky Doll, 3. La ciudad blanca” de Barbucci e Canepa

Desde a cadea de televisión do planeta Papatea vaise anunciar o éxito da Misión “auga”, mentres na superficie do planeta a violencia dominao todo.e no plató a boneca Noa pelexa polos seus desexos de purificar o planeta, afrontandose a feitos decisivos do seu pasado.

O deseño, ten un estilo que lembra moito a Disney e á serie “Blacksad”, porén na súa temática non ten concesións, a crítica social nos seus aspectos relixiosos e mediáticos está presente en toda a obra.

Signatura: COM BAR sky 3

“La orden de Cicerón, 2. Encausado” de Malka e Gillon

Continúa a serie sobre o bufete de avogados Steiner-Mac Rae, que absorbe o bufete parisino de Veyrac, co que se empeza a cobrar as ofensas que sobre o pai do avogado americano descubrimos no primeiro volume. Ao tempo Veyrac será encausado por branquexamento de capitais. Historia que engancha ao lector, cun deseño realista, agradable e de cores discretas, co mesmo estilo narrativo que os filmes clásicos de procesos xudiciais.

Signatura: COM MAL ord 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Delegación Provincial

BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA
MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Rúa Miguel González Garcés, nº 1
15008 A CORUÑA

Tfno./Fax: 981 17 02 18 - 981 17 02 19

<http://www.rbgalicia.org>

bpmpgonzalezgarces@xunta.es



biblioteca
pública